

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	6
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	15
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	18
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	19
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	19
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	20
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	21
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	22
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	22
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	26
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	26
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	27
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	27

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

Os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado acade ao rematar a etapa, tanto na ESO como en Bacharelato, tal e como se recolle nos Decretos 156/2022 e 157/2022 que establecen o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato respectivamente na comunidade galega.

Os obxectivos traballaranse ao longo de toda a etapa dende as diferentes materias e ámbitos para acadar a súa consecución ao remate da mesma (tanto na etapa da ESO como de Bacharelato), facendo fincapé, segundo a nosa filosofía de centro, nos seguintes obxectivos en cada un dos niveis. Algúns deles repítense en diferentes niveis para potenciar as necesidades detectadas no alumnado.

ESO

1º ESO

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2º ESO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

3º ESO

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos

coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

4º ESO

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

E todos os demais que xa se viñeron traballando e potenciando nos tres primeiros cursos da ESO.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

#### BACHARELATO

En cada un dos niveis de bacharelato contribuírase dende cada unha das materias ao logro dos obxectivos de etapa establecidos no Decreto 157/2022, que establece o currículo para bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

## **b) A contribución á adquisición das competencias**

O perfil de saída establece a concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica, que fomenta o resto de decisións curriculares.

Este perfil identifica e define as competencias clave que o alumnado debe desenvolver e adquirir ao remate da educación básica, e introduce orientación sobre o nivel de desempeño esperado ao termo da ESO a través de descritores operativos en cada unha das competencias clave.

### ESO

Partindo deste perfil de saída, a continuación establecemos a concreción dos descritores operativos para cada un dos niveis seguindo o establecido no Anexo I do Decreto 156/2022., para os que o profesorado de cada materia deseñará actividades que os traballen, de xeito integrado, na súa disciplina.

#### 1º ESO

CCL2, CCL4, CP1, STEM1, STEM5, CD1, CPSAA1, CC3, CE1, CCEC1

##### 1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.

-CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

##### 2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

##### 3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

-STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se for necesario.

-STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

##### 4.- Competencia Dixital (CD):

-CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade; selecciona os resultados de maneira crítica e arquívaos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

##### 5.- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

-CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.

#### 6.- Competencia Cidadá (CC):

-CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.

#### 7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sostibilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sostibles, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.

#### 8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):

-CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.

#### 2º ESO

CCL1, CCL4, CP1, STEM2, STEM5, CD2, CD3, CPSAA2, CC4, CE2, CCEC3

#### 1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.

-CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

#### 2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

#### 3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

-STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

-STEM5. Emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

#### 4.- Competencia Dixital (CD):

-CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais; selecciona e configura a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

-CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, a presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

#### 5.- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

-CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, reconece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

#### 6.- Competencia Cidadá (CC):

-CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodpendencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

#### 7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconecemento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.

#### 8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):

-CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.

3º ESO

CCL3, CCL4, CP3, SREM3, STEM5, CD4, CPSAA3, CPSAA4, CC1, CE2, CCEC2

#### 1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

-CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

#### 2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

#### 3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

-STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou un problema de forma creativa e en equipo, e procura a participación de todo o grupo, resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adáptase ante a incerteza e valora a importancia da sustentabilidade.

-STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

#### 4.- Competencia Dixital (CD):



-CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

#### 5.- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

-CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuíndo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.

-CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

#### 6.- Competencia Cidadá (CC):

-CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

#### 7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconecemento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.

#### 8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):

-CCEC2. Goza, reconece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.

4º ESO

### TODOS OS DESCRITORES OPERATIVOS DAS 8 COMPETENCIAS CLAVE

#### 1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.

-CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.

-CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

-CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

-CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos

conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e evita os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

## 2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

-CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.

-CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

## 3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

-STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se for necesario.

-STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

-STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou un problema de forma creativa e en equipo, e procura a participación de todo o grupo, resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adáptase ante a incerteza e valora a importancia da sustentabilidade.

-STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.

-STEM5. Emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

## 4.- Competencia Dixital (CD):

-CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade; selecciona os resultados de maneira crítica e arquívaos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

-CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais; selecciona e configura a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

-CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, a presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

-CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

-CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver

problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

#### 5.- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

-CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.

-CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

-CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuíndo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.

-CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

-CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

#### 6.- Competencia Cidadá (CC):

-CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

-CC2. Analiza e asume fundamentalmente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.

-CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.

-CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

#### 7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sostibilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sostibles, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.

-CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.

-CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

#### 8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):

-CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.

-CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.

-CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.

-CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

## BACHARELATO

Para o desenvolvemento das competencias claves nesta etapa debemos ter en conta os descritores operativos establecidos para cada unha delas no anexo I do Decreto 157/2022, cos cales o profesorado de cada materia deseñará actividades onde se traballe máis dunha competencia á vez na súa disciplina.

### 1º e 2º BAC

#### 1.- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):

-CCL1. Exprésase de xeito oral, escrito, signado ou multimodal con fluidez, coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais e académicos, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información, crear coñecemento e argumentar as súas opinións como para establecer e coidar as súas relacións interpersoais.

-CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos distintos ámbitos, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada, e para construír coñecemento.

-CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de xeito autónomo información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para a comunicar de maneira clara e rigorosa adoptando un punto de vista creativo e crítico, á par que respectuoso coa propiedade intelectual.

-CCL4. Le con autonomía obras relevantes da literatura e ponas en relación co seu contexto sociohistórico de produción e coa tradición literaria anterior e posterior, e examina a pegada do seu legado na actualidade, para construír e compartir a súa propia interpretación argumentada das obras, crear e recrear obras de intención literaria e conformar progresivamente un mapa cultural.

-CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando e rexeitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos sistemas de comunicación.

#### 2.- Competencia Plurilingüe (CP):

-CP1. Utiliza con fluidez, adecuación e aceptable corrección unha ou máis linguas, ademais da lingua familiar ou das linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas con espontaneidade e autonomía en diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

-CP2. A partir das súas experiencias, desenvolve estratexias que lle permitan ampliar e enriquecer de forma sistemática o seu repertorio lingüístico individual co fin de se comunicar de xeito eficaz.

-CP3. Coñece e valora criticamente a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal e antepoñendo a comprensión mutua, como característica central da comunicación, para fomentar a cohesión social.

### 3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría STEM):

-STEM1. Selecciona e utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións propias da modalidade elixida e emprega estratexias variadas para a resolución de problemas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, en caso necesario.

-STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar fenómenos relacionados coa modalidade elixida, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, formulándose hipóteses e contrastándose ou comprobándose mediante a observación, a experimentación e a investigación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade, e amosando unha actitude crítica acerca do alcance e das limitacións dos métodos empregados.

-STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando e creando prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou a un problema de xeito colaborativo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e avaliando o produto obtido de acordo cos obxectivos propostos, a sustentabilidade e o impacto transformador na sociedade.

-STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de investigacións de forma clara e precisa, en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas e símbolos), aproveitando a cultura dixital con ética e responsabilidade e valorando de xeito crítico a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, para compartir e construír novos coñecementos.

-STEM5. Planea e emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física e mental, e para preservar o ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable, aplicando principios de ética e seguridade, para crear valor e transformar a súa contorna de maneira sustentable, adquirindo compromisos como cidadán ou cidadá nos ámbitos local e global.

### 4.- Competencia Dixital (CD):

-CD1. Realiza procuras avanzadas comprendendo como funcionan os motores de procura na internet, aplicando criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e organizando o almacenamento da información adecuadamente e con seguridade, para a referenciar e a reutilizar posteriormente.

-CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais de forma individual ou colectiva, aplicando medidas de seguridade e respectando sempre os dereitos de autoría dixital, para ampliar os seus recursos e xerar novo coñecemento.

-CD3. Selecciona, configura e utiliza dispositivos dixitais, ferramentas, aplicacións e servizos en liña, e incorpóraos na súa contorna persoal de aprendizaxe dixital, para se comunicar, traballar colaborativamente e compartir información, xestionando de maneira responsable as súas accións, a presenza e a visibilidade na rede, e exercendo unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

-CD4. Avalúa riscos e aplica medidas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e fai un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable desas tecnoloxías.

-CD5. Desenvolve solucións tecnolóxicas anovadoras e sustentables para dar resposta a necesidades concretas, amosando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

### 5.- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):

-CPSAA1.1. Fortalece o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de obxectivos de xeito autónomo para facer eficaz a súa aprendizaxe.

-CPSAA1.2. Desenvolve unha personalidade autónoma, xestionando construtivamente os cambios, a participación social e a súa propia actividade, para dirixir a súa vida.

-CPSAA2. Adopta de maneira autónoma un estilo de vida sustentable e atende o benestar físico e mental propio e o das demais persoas, procurando e ofrecendo apoio na sociedade, para construír un mundo máis saudable.

-CPSAA3.1. Aмосa sensibilidade cara ás emocións e as experiencias das demais persoas, sendo consciente da influencia que exerce o grupo nas persoas, para consolidar unha personalidade empática e independente e desenvolver a súa intelixencia.

-CPSAA3.2. Distribúe nun grupo as tarefas, os recursos e as responsabilidades de xeito ecuánime, segundo os seus obxectivos, favorecendo un enfoque sistémico para contribuír á consecución de obxectivos compartidos.

-CPSAA4. Compara, analiza, avalía e sintetiza datos, información e ideas dos medios de comunicación, para obter conclusións lóxicas de forma autónoma, valorando a fiabilidade das fontes.

-CPSAA5. Planifica a longo prazo avaliando os propósitos e os procesos da construción do coñecemento, relacionando os campos deste para desenvolver procesos autorregulados de aprendizaxe que lle permitan transmitir ese coñecemento, propor ideas creativas e resolver problemas con autonomía.

#### 6.- Competencia Cuidada (CC):

-CC1. Analiza feitos, normas e ideas relativas á dimensión social, histórica, cívica e moral da súa propia identidade, para contribuír á consolidación da súa madurez persoal e social, adquirir unha conciencia cidadá e responsable, desenvolver a autonomía e o espírito crítico, e establecer unha interacción pacífica e respectuosa coas demais persoas e coa contorna.

-CC2. Recoñece, analiza e aplica en diversos contextos, de forma crítica e consecuente, os principios, os ideais e os valores relativos ao proceso de integración europea, a Constitución española, os dereitos humanos e a historia e o patrimonio cultural propios, á vez que participa en todo tipo de actividades grupais cunha actitude fundamentada nos principios e nos procedementos democráticos, o compromiso ético coa igualdade, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.

-CC3. Adopta un xuízo propio e argumentado ante problemas éticos e filosóficos fundamentais e de actualidade, afrontando con actitude dialogante a pluralidade de valores, crenzas e ideas, rexeitando todo tipo de discriminación e violencia, e promovendo activamente a igualdade e a corresponsabilidade efectiva entre mulleres e homes.

-CC4. Analiza as relacións de interdependencia e ecodependencia entre as nosas formas de vida e a contorna, realizando unha análise crítica da pegada ecolóxica das accións humanas, e demostrando un compromiso ético e ecosocialmente responsable con actividades e hábitos que conduzan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable e a loita contra o cambio climático.

#### 7.- Competencia Emprendedora (CE):

-CE1. Avalía necesidades e oportunidades e afronta retos, con sentido crítico e ético, avaliando a súa sustentabilidade e comprobando, a partir de coñecementos técnicos específicos, o impacto que poidan supor na contorna, para presentar e executar ideas e solucións anovadoras dirixidas a distintos contextos, tanto locais como globais, no ámbito persoal, social e académico, con proxección profesional emprendedora.

-CE2. Avalía e reflexiona sobre as fortalezas e as debilidades propias e as das demais persoas, facendo uso de estratexias de autoconecemento e autoeficacia; interioriza os coñecementos económicos e financeiros específicos e transfíreos a contextos locais e globais, aplicando estratexias e destrezas que axilen o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia ou unha iniciativa emprendedora de valor.

-CE3. Leva a cabo o proceso de creación de ideas e solucións anovadoras e toma decisións, con sentido crítico e ético, aplicando coñecementos técnicos específicos e estratexias áxiles de planificación e xestión de proxectos, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para elaborar un prototipo final de valor para as demais persoas, considerando a experiencia, tanto de éxito como de fracaso, unha oportunidade para aprender.

#### 8.- Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC):



-CCEC1. Reflexiona, promove e valora criticamente o patrimonio cultural e artístico de calquera época, contrastando as súas singularidades e partindo da súa propia identidade, para defender a liberdade de expresión, a igualdade e o enriquecemento inherente á diversidade.

-CCEC2. Investiga as especificidades e as intencionalidades de diversas manifestacións artísticas e culturais do patrimonio, mediante unha postura de recepción activa e deleite, diferenciando e analizando os contextos, os medios e os soportes en que se materializan, así como as linguaxes e os elementos técnicos e estéticos que as caracterizan.

-CCEC3.1. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións con creatividade e espírito crítico, realizando con rigor as súas propias producións culturais e artísticas, para participar de xeito activo na promoción dos dereitos humanos e os procesos de socialización e de construción da identidade persoal que derivan da práctica artística.

-CCEC3.2. Descubre a autoexpresión, a través da interactuación corporal e a experimentación con diferentes ferramentas e linguaxes artísticas, enfrontándose a situacións creativas cunha actitude empática e colaborativa, e con autoestima, iniciativa e imaxinación.

-CCEC4.1. Selecciona e integra con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para deseñar e producir proxectos artísticos e culturais sustentables, analizando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral que ofrecen, servíndose da interpretación, a execución, a improvisación ou a composición.

CCEC4.2. Planifica, adapta e organiza os seus coñecementos, as súas destrezas e as súas actitudes para responder con creatividade e eficacia aos desempeños derivados dunha produción cultural ou artística, individual ou colectiva, utilizando diversidade de linguaxes, códigos, técnicas, ferramentas e recursos plásticos, visuais, audiovisuais, musicais, corporais ou escénicos, valorando tanto o proceso como o produto final, e comprendendo as oportunidades persoais, sociais, inclusivas e económicas que ofrecen.

### **c) Os criterios para incorporar elementos transversais**

#### 1.- CRITERIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

##### 1.1.- ESO

1.- En todas as materias da ESO deseñaranse actividades e/ou tarefas que permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo e que respecten a súa diversidade. Para iso, na avaliación inicial detectaranse os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe do grupo co obxectivo de pór en marcha as medidas ordinarias de atención á diversidade que garantan a prevención das dificultades de aprendizaxe. Para isto elaborárase o perfil de aula.

As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

2.- As metodoloxías a empregar deben ser inclusivas, contextualizadas, activas e participativas, segundo os principios do DUA para atender á diversidade do alumnado:

-múltiples formas de representación (de presentar a información)

-múltiples formas de acción e expresión

-múltiples formas de motivar e captar a atención do alumnado

2.- Currículo integrado de linguas: todas as materias lingüísticas da oferta educativa do centro impartiranse de xeito integrado co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do noso alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia plurilingüe. Dentro do proxecto lingüístico do centro figurarán as medidas relacionadas con:

-terminoloxía a empregar

-tratamento que se lle dará aos contidos e aos criterios de avaliación que sexan similares nas distintas áreas lingüísticas con fin de evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua

-criterios relacionados coas cualificacións e as recuperacións, e o plan de seguemento do alumnado repetidor

3.- Hora de ler: o equipo da biblioteca deseñará un cronograma anual de xeito que todas as semanas se dedique unha hora lectiva á lectura. O alumnado, así como o profesorado, escollerá o libro que queira ler. Para aquel alumnado que non traia libro do exterior (das súas casas, dunha biblioteca....) , haberá en cada aula de referencia unha pequena biblioteca de aula, con títulos que dean resposta aos diferentes gustos do alumnado, e atendendo ao seu nivel, seleccionados coidadosamente polo equipo docente encargado da biblioteca.

4.- Proxecto de centro: ao longo do curso deseñarase como mínimo un proxecto interdisciplinario, coordinado dende o equipo da biblioteca. Cada curso escolar proporase unha temática sobre a que traballar atendendo aos intereses do alumnado (polo que é importante coñecer esta información recollida nos perfís de aula). Neste proxecto, o alumnado traballará de xeito cooperativo, fomentando o pensamento crítico e a creatividade. Deseñarase un proxecto por cada nivel baseado nesa temática, que conformarán o proxecto de centro.

5.- O profesorado debe ter en conta, ademais destes principios xerais, as orientacións pedagóxicas recollidas do Decreto 156/2022 para cada unha das materias.

## 1.2.- BACHARELATO

1.- En todas as materias traballarase os seguintes aspectos:

-comprensión lectora

-expresión escrita e expresión oral (capacidade de expresarse en público)

-traballo individual e en equipo

-uso de técnicas de investigación

-emprego das TIC, de xeito seguro e creativo

2.- Currículo integrado de linguas: todas as materias lingüísticas da oferta educativa do centro impartiranse de xeito integrado co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do noso alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia plurilingüe. Dentro do proxecto lingüístico do centro figurarán as medidas relacionadas con:

-terminoloxía a empregar

-tratamento que se lle dará aos contidos e aos criterios de avaliación que sexan similares nas distintas áreas lingüísticas con fin de evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua

-criterios relacionados coas cualificacións e as recuperacións

3.- O profesorado debe ter en conta, ademais destes principios xerais, as orientacións pedagóxicas recollidas do Decreto 157/2022 para cada unha das materias.

## 2.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O profesorado decidirá a modalidade que empregará para traballar os diferentes elementos transversais concretados para cada nivel: proxecto da materia, proxecto interdisciplinar (de centro ou non), actividades complementarias, conmemoracións, programas do departamento de orientación, etc.

No caso daqueles elementos transversais que estean ligados a unha conmemoración ou datas importantes, seguiranse as datas recollidas na Orde que establece o calendario escolar para cada curso académico.



Tamén, dende o equipo de convivencia e mediación, e o equipo de igualdade, realizaranse actividades para traballar elementos transversais relacionados con estas temáticas.

#### 2.1.- ESO: elementos a tratar en cada nivel

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, traballaranse en todas as materias e en todos os niveis:

- Comprensión de lectura
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Competencia dixital
- Emprendemento social e empresarial,
- Fomento do espírito crítico e científico
- Educación emocional e en valores
- Igualdade de xénero e a creatividade

##### 1º ESO

- Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- Formación estética
- Educación para a paz: prevención e resolución pacífica de conflitos

##### 2º ESO

- Igualdade entre homes e mulleres (aínda que se traballará en todos os niveis, poñeremos máis o foco neste nivel)
- Respecto mútuo e cooperación entre iguais

##### 3º ESO

- Educación en valores (valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito)
- Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible

##### 4º ESO

- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial

#### 2.2.- BACHARELATO: elementos a tratar en cada nivel

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, traballaranse en todas as materias e en todos os niveis:

- Comprensión de lectura
- Expresión oral e escrita

- Comunicación audiovisual
- Competencia dixital
- Emprendemento social e empresarial
- Fomento do espírito crítico e científico
- Educación emocional e en valores
- Igualdade de xénero e a creatividade

#### 2.2.1.- 1º Bacharelato

-Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

-Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

#### 2.2.2.- 2º Bacharelato

-Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

-Afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

#### CRITERIOS METODOLÓXICOS

A metodoloxía en todas as materias incluirá:

- traballo individual e en equipo (traballo en equipos cooperativos, polo menos nunha sesión semanal): Aprendizaxe Cooperativa.
- tarefas abertas que fomenten a creatividade e autonomía do alumnado.
- uso de rutinas e destrezas de pensamento, organizadores gráficos que faciliten a comprensión e expresión do pensamento: Aprendizaxe Baseada no Pensamento.
- traballo competencial a través de alomenos a participación no proxecto de centro (ESO): Aprendizaxe Baseada en Proxectos
- presentación da información por diferentes medios (principio 1 do DUA)
- expresión por parte do alumnado de diferentes xeitos (oral, escrita, multimodal...) (principio 2 do DUA)
- actividades de motivación, que esperten o interese e a curiosidade do alumnado (principio 3 do DUA)

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

### RECURSOS METODOLÓXICOS

Os mencionados no apartado anterior.

### RECURSOS MATERIAIS

O IES Val do Tea forma parte do programa E-dixgal na totalidade dos cursos da ESO. Polo tanto, todo o alumnado que cursa a ESO disporá dun ordenador portátil.

Todas as aulas dispoñen de pantalla dixital e ordenador para o profesorado.

Ademais deste recurso, o alumno disporá de:

-libros de texto

-apuntamentos propios facilitados polo profesorado

No caso de Bacharelato, a onde non se estende ata agora o programa E-dixgal, o alumnado disporá de libro de texto e apuntamentos proporcionados polo profesorado. Hai materias nas que non precisan de libro de texto.

En calquera das etapas, cando se lle pide ao alumnado libro de texto nun determinado nivel, debe ser o mesmo para todos os grupos, independentemente de que a materia sexa impartida por máis dun docente. Do mesmo xeito, non haberá grupos con libro e outros sen el.

### RECURSOS AMBIENTAIS

Cada grupo de cada nivel ten a súa propia aula de referencia. Ademais, o alumnado fará uso, en función de cada materia, doutros espazos como: ximnasio, aula de tecnoloxía, aula de música, laboratorio de ciencias, de física e de química, biblioteca, aula de educación plástica...

### RECURSOS PERSOAIS

En función do curso escolar e da cota. Na medida do posible, o profesorado con dispoñibilidade horaria pasará, se fose preciso, a dar apoio e reforzo nas aulas onde fose preciso, así como a impartir docencia para alumnado estranxeiro no caso de que descoñezan as nosas linguas (Grupo de adquisición de linguas, preferentemente con profesorado do ámbito lingüístico), ou para a alumnado con desfase de competencia curricular.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

### DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO: FORMACIÓN DE GRUPOS

Partimos do principio de que o agrupamento do alumnado será mixto e flexible, deberá favorecer a coeducación e a aprendizaxe cooperativa e evitar calquera tipo de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua ou capacidade intelectual.

Para a formación de grupos teranse en conta, fundamentalmente, criterios pedagóxicos, pero tamén será necesario considerar criterios organizativos (espazos e medios materiais do centro e dispoñibilidade horaria do profesorado).

Os grupos do mesmo nivel terán ratios similares, pero proporase que sexa menor naqueles en que se escolarice alumnado con Necesidades Educativas Especiais, tendo en conta que a ratio establecida pola lexislación vixente é de 30 alumnos/as para a ESO e 33 para Bacharelato, segundo o capítulo I, art. 4 da Orde do 12 de marzo de 2013.

## OFERTA EDUCATIVA: ITINERARIOS E OPTATIVIDADE

### ESO

Os criterios a seguir na ESO serán os seguintes:

- Oferta da totalidade das materias, sen ningún tipo de itinerario, agás en 4ºESO, onde haberá un itinerario de carácter máis humanístico e social, e outro de carácter máis científico e tecnolóxico.
- Potenciación das materias relacionadas cos estudos artísticos e dixitais.

### BACHARELATO

Os criterios a seguir en Bacharelato serán os seguintes:

- Demanda por parte do alumnado (solicitudes)
- Maior oferta posible de materias optativas
- Ponderación das materias nas diferentes carreiras universitarias
- Establecemento de itinerarios que agrupan optativas
- Oferta de todas as modalidades de Bacharelato, agás o Bacharelato xeral.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias a desenvolver deben ter unha clara relación co currículo do curso correspondente. O plan de actividades será presentado para aprobación do Consello escolar ao inicio do curso.

Para aquelas actividades organizadas con posterioridade á aprobación do Consello escolar do Plan de actividades seguiranse os mesmos criterios citados neste punto.

Á hora de programar actividades teranse en conta os seguintes criterios:

- Equidade nos distintos niveis, tanto da ESO como de Bacharelato, entendendo as dificultades organizativas que pode xerar o calendario de 2º Bacharelato.
- Equidade entre os departamentos organizadores das mesmas, de xeito que todos os departamentos teñan a posibilidade de organizar actividades. Promoveranse as actividades interdepartamentais, pois fomentan unha mellor colaboración entre o profesorado á hora de levalas adiante e facilitan a súa programación.
- Os departamentos/docentes interesados en programar algunha actividade deberán notificalo coa antelación necesaria para evitar posibles prexuízos aos docentes afectados polo desenvolvemento da mesma e para que a vicedirección dispoña do tempo suficiente para elaborar as autorizacións, listaxes ou avisos necesarios.
- Procurarase en todo momento que a participación nas actividades complementarias supoña para as familias o menor esforzo económico posible.

Con respecto ás datas de desenvolvemento de actividades complementarias, ao inicio do correspondente curso marcarase un calendario que limite a posibilidade de realización das mesmas en períodos de exames ou avaliacións, para procurar un menor impacto no desenvolvemento do día a día nas aulas. Do mesmo xeito, procurarase un equilibrio entre o número de actividades programadas para cada un dos trimestres.

Este calendario incluírá datas precisas nas que realizar as saídas que impliquen pasar a noite, de xeito que todas as excursións que teñan unha duración superior a 1 día levaranse a cabo na medida do posible na mesma semana lectiva (nomeadamente as posibles viaxes de 4ºESO e 2ºBacharelato).

Con respecto á participación do alumnado nas actividades complementarias e saídas didácticas:

- Todas as actividades complementarias que se desenvolvan no centro e non impliquen un custo para as familias son obrigatorias para o alumnado.
- O alumnado que amose un comportamento disruptivo ao longo do curso poderá ser penalizado coa non realización das actividades complementarias ou saídas didácticas.
- O alumnado que non asista ás saídas didácticas deberá acudir ao centro e realizar as actividades propostas polo profesorado.

Con respecto á colaboración do profesorado no desenvolvemento das actividades:

- O profesorado acompañante a unha actividade que teña clase con outro grupo nas horas afectadas deberá deixar traballo para este último.

O profesorado será informado de xeito regular das actividades programadas. Do mesmo xeito, todas as actividades organizadas serán anunciadas na páxina web do centro para consulta da comunidade escolar.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

### PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, o plan de reforzo deberá incluír polo menos os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

1.- Procedemento de información á persoa titora e ás familias.

Para recoller toda esta información, o centro disporá dun documento específico seguindo o modelo facilitado por Inspección. Cada docente titor/a recollerá información de cada unha das materias pendentes que teña cada alumna ou alumno, e logo procederá a informar as familias.

2.- Procedemento e documentación para a revisión nas sesións de avaliación.

En cada sesión de avaliación farase un seguimento deste alumnado. Información facilitada polo profesorado que lle imparte clase ao alumnado que ten madeiras pendentes.

3.- Procedemento de información e aplicación dos axustes acordados.

A información será recollida por cada titor/a na sesión de avaliación. O profesorado que teña alumnado con materias

pendentes cumprimentará a parte do informe na que se recolle a información de cada sesión.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO REPETIDOR (Só para alumnado da ESO)

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, o plan debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Para recoller toda esta información, o centro disporá dun documento seguindo o enviado pola inspección educativa.

#### Procedemento

-Cada titora ou titor deberá cubrir durante o primeiro mes de curso a parte relativa aos resultados do curso anterior (resultados académicos en canto a materia e competencias), así como as actuacións e medidas de atención á diversidade que se están levando a cabo con cada alumna/o que estea repetindo. Tamén se incluírá a listaxe de profesorado que lle imparte docencia a cada alumna e alumno.

-Unha vez que esta primeira parte sexa realizada, cada titora/titor enviará o documento ao profesorado para que especifique as actuacións que vai a levar a cabo no ámbito curricular, ben no caso das materias nas que o curso pasado a alumna ou alumno obtívese cualificación negativa, como nas que foran superadas.

Dentro destas actuacións teranse en conta as fortalezas e debilidades do alumnado, a metodoloxía a empregar, os materiais de apoio, así como os instrumentos de avaliación que se empregarán.

-En cada sesión de avaliación deberá revisarse esta documentación por se houberse que facer axustes, e tamén se recollerá toda a información pertinente (documento de seguimento).

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

A.- AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

1.- AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora. No contexto da avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse, en calquera momento do curso e tan pronto como se detecten as dificultades, as medidas de reforzo educativo.

Logo da terceira avaliación parcial, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar, o equipo

docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

No momento da terceira avaliación o alumnado recibirá no boletín a cualificación da terceira avaliación. Esta pode indicar a cualificación só da terceira avaliación parcial ou, no contexto da avaliación continua e das materias progresivas, a cualificación final da materia a esa altura do curso (como se faga isto quedará reflectido na reforma da programación didáctica).

Á alumna ou o alumno que nese momento estea suspenso na materia, faráselle o informe individualizado de recuperación para traballar entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria, co fin de que poida aprobar na cualificación ordinaria.

Coa alumna ou co alumno que nese momento estea aprobado na materia, traballarase de cara a que reforce e amplíe os seus coñecementos, e mesmo poida mellorar a súa cualificación ordinaria (como se faga isto quedará reflectido na reforma da programación didáctica).

A única cualificación final é a cualificación da avaliación ordinaria, a cal recollerá xa as melloras (de ser o caso, e en ningún caso se poderá empeorar) do traballo feito pola alumna ou polo alumno nese período de tempo entre a terceira avaliación parcial e a final.

De igual maneira se fará co alumnado pendente.

A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final, xunto coa valoración das competencias clave.

## 2.- PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Na sesión de avaliación final de 1º ESO, 2º ESO e 3º ESO, de xeito colexiado, decidírase a promoción de cada alumna e de cada alumno; e promocionará:

-Quen supere todas as materias ou todos os ámbitos.

-Quen teña avaliación negativa nunha ou dúas materias (só para promoción).

-Suspendendo tres ou máis, quen decida o equipo docente por cumprir todas as condicións seguintes:

a. A media aritmética das cualificacións de todas as materias en que estea matriculada ou matriculado é igual ou superior a cinco.

b. E, ademais, o equipo docente considere que:

-i. A natureza das materias suspendidas permítelle seguir con éxito o curso seguinte.

-ii. A alumna ou o alumno ten expectativas favorables de recuperación. Entenderemos aquí, entre outras cousas, que no seguinte curso poderán non darse ou non deberán darse circunstancias adversas/sobrevidas que dificultaron/imposibilitaron o rendemento académico normal no curso da alumna ou do alumno.

-iii. Promocionar beneficiará a súa evolución académica. Entenderemos aquí aspectos como: permanecer co mesmo grupo de compañeiras e de compañeiros axudará á súa adquisición de coñecementos, pasar de curso mellorará a súa autoestima académica e o seu rendemento, pasar de curso contribuirá á súa madurez educativa, e pasar de curso permitiralle continuar outros estudos necesarios para a súa formación académica e/ou profesional.

Na sesión de avaliación final de 4º ESO, de xeito colexiado, decidírase a titulación de cada alumna e de cada alumno; e titulará:

-Quen supere todas as materias ou todos os ámbitos.

-Quen decida o equipo docente por cumprir todas as condicións seguintes:

a) A media aritmética das cualificacións de todas as materias en que estea matriculada ou matriculado é igual ou superior a cinco.

b) E, ademais, o equipo docente considere que:

i. A alumna ou o alumno ten adquiridas as competencias da etapa.

ii. A alumna ou o alumno ten alcanzados os obxectivos da etapa.

Quen non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, como medida excepcional e logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e de apoio.

En todo caso, poderase permanecer no mesmo curso unha soa vez, dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio e, de xeito excepcional, un ano máis en 4º ESO aínda que se tivese esgotado o máximo de permanencia.

O alumnado de 4º ESO que tivese esgotado este máximo sen obter o título, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

Por outro lado, quen ao finalizar 4º ESO obtivese unha nota media neste curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra (Ver apartado correspondente).

Ao finalizar 2º ESO, ao finalizar a etapa, ao concluír a súa escolarización, ao facer proposta para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, entregarase un consello orientador, elaborado pola persoa titora (logo da información recollida na sesión de avaliación final) e co asesoramento do departamento de orientación. Ademais, ao concluíren a súa escolarización, as alumnas e os alumnos recibirán unha certificación oficial.

As actas de avaliación de cada curso pecharanse despois da avaliación final.

## B.- AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN BACHARELATO

A avaliación será continua, diferenciada e formativa.

Haberá a realización de probas extraordinarias para o alumnado que non supere algunha materia logo da avaliación final ordinaria, e unha sesión de avaliación final extraordinaria logo da realización das probas extraordinarias. Isto será así tamén para as materias pendentes.

As cualificacións expresaranse numericamente de 0-10 sen decimais, consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco, e nas probas extraordinarias pode consignarse non presentado/a (NP). Isto será así tamén para as materias pendentes.

### 1.- 1º BACHARELATO

No período abranguido desde a avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría, e á preparación e á realización das probas extraordinarias.

Promociona quen

- supera todas as materias

- ten avaliación negativa en dúas materias como máximo (tendo en conta que no bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque).

Quen non promocioe deberá matricularse de todas as materias de 1º, e repetir curso completo.

### 2.- 2º BACHARELATO

No período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas



extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da ABAU e das probas extraordinarias.

Hai materias condicionadas á superación das correspondentes materias de primeiro curso por implicar continuidade, tal e como se recolle no Anexo III do Decreto 157/2022.

Titula quen:

-ten avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato (tendo en conta que no bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura)

-excepcionalmente, quen decida o equipo docente e cumpra as condicións seguintes:

i. Superar todas as materias agás unha e (ao mesmo tempo):

-A media aritmética das cualificacións de todas as materias en que estea matriculada ou matriculado é igual ou superior a cinco (computa a nota numérica da materia non superada e no bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura).

-Non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada na materia. Por inasistencia continuada e non xustificada entenderemos aquí ter un número inxustificado de faltas de polo menos o 10% cando menos nun trimestre.

-A alumna ou o alumno presentouse ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación (incluídas as da convocatoria extraordinaria).

ii. O equipo docente considera que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

-A nota media é a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada de 0-10 con dous decimais, redondeada á centésima.

Quen non titule, poderá:

-Matricularse e cursar só as materias non aprobadas.

-Matricularse e repetir con curso completo, sen manter as cualificacións das materias aprobadas.

Quen ao finalizar 2º Bacharelato obtivese unha nota media neste curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra (Ver apartado correspondente).

As actas pecharanse despois da convocatoria ordinaria, e despois da convocatoria extraordinaria.

### C.- PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

A avaliación será continua e diferenciada por ámbitos e materias, e terá como referentes os obxectivos de etapas e as competencias da Educación Secundaria Obrigatoria.

Poderá proporse para a incorporación a 1ºPDC a quen cumpra simultaneamente os requisitos recollidos no artigo 61.4 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Ademais, para ser proposto para a incorporación a este programa, o alumnado deberá atoparse nalgunha destas situacións:

a.- Ter cursado 2º curso da ESO e non estar en condicións de lograr a promoción a terceiro da ESO.

b.- Ter cursado 3º curso da ESO e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.

c.- Ter repetido 3º curso da ESO e non superarlo.

O alumnado que supere o 2º curso de PDC titula igualmente que se estivera cursando 4º ESO ordinario. Os programas de diversificación curricular están orientados á consecución do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

### CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA NA ESO

Quen ao finalizar 4º ESO obtivese unha nota media neste curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra, podendo concederse a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no cuarto curso. Neste caso dentro do número que permite a norma e ata completar as matrículas que o equipo docente considere conceder, aplicaranse por orde os seguintes criterios:

- a) Maior nota media en 4º ESO.
- b) Maior nota media da etapa.
- c) Maior nota media en 3º ESO.
- d) Maior nota media en 2º ESO.
- e) Sorteo público.

### CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO

Quen ao finalizar 2º Bacharelato obtivese unha nota media neste curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra, podendo concederse a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado en 2º Bacharelato. Neste caso dentro do número que permite a norma e ata completar as matrículas que o equipo docente considere conceder, aplicaranse por orde os seguintes criterios (este punto derroga o art.26 das NOF-C aprobado con data de 21 de novembro de 2017):

- a) Maior nota media en 2º BACHARELATO.
- b) Maior nota media da etapa.
- c) Maior nota media na ESO
- d) Sorteo público.

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**

Á hora de elaborar as programacións didácticas, os puntos a recoller nas mesmas serán aqueles que aparecen incluídos tanto no Decreto 156/2022 que establece o currículo para educación secundaria, como aqueles que figuran no Decreto 157/2022 que establece o currículo para o bacharelato.

O modelo a seguir será o estandarizado a través da aplicación informática PROENS.

Todas as programacións didácticas serán descargadas en formato pdf e estarán públicas na páxina web do centro segundo o departamento ao que corresponda cada unha.

Igualmente, o centro disporá dun documento modelo no que cada materia por curso recollerá os criterios de cualificación e información xeral sobre a recuperación de materias pendentes. Este cadro resumo facilitarase cando menos na páxina web para que estean accesibles a toda a comunidade educativa, e ao alumnado a través da aula virtual ou plataforma E-dixgal.

Á hora de que o profesorado elabore as programacións didácticas debe ter en conta os aspectos recollidos nesta concreción curricular relativos, principalmente, á adquisición das competencias, consecución dos obxectivos, criterios pedagóxicos, e elementos transversais.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Á hora de participar nos diferentes plans, proxectos e programas educativos temos en conta:

- o profesorado participante
- os eixos vertebradores do centro: atención á diversidade, convivencia e igualdade, criterios pedagóxicos
- a repercusión no alumnado
- maior número de alumnado participante
- graio de compromiso dos diferentes sectores da comunidade escolar

Por todo isto, os plans, proxectos e programas nos que adoitamos participar son os seguintes:

- 1.- A convivencia e a igualdade, piares fundamentais no centro; a convivencia, non como medio, senón como fin. De aí que se apoie a participación en Contratos programa (Convive-t e Iguala-t) e en Plans Proxecta tamén relacionados con este eixo.
- 2.- Fomento das linguas estranxeiras polo que tamén se prima a participación en proxectos de fomento de linguas estranxeiras, como o Digital Week, Erasmus+, Taith, programas e-twinning, que fomenten a adquisición de competencia plurilingüe ao mesmo tempo que desenvolven outras destrezas e habilidades.
- 3.- Plans e proxectos que fomenten a lectura: Club de lectura tanto para alumnado de ESO, de Bacharelato como de familias. Iniciativas que xorden dende a biblioteca e que abarcan a todo o alumnado para promover a alfabetización informacionais e mediática.
- 4.- Fomento da participación en aqueles plans e proxectos que estean relacionados coas artes e co audiovisual, dado que somos o único centro da contorna que oferta a modalidade de Bacharelato artístico.

Para a participación en calquera outro plan, proxecto ou programa, teranse en conta os criterios mencionados ao comezo deste apartado.

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Ao remate de cada curso, avaliaremos, revisaremos e modificaremos se fose necesario, a concreción curricular a través de diferentes medios:

- reunións de departamento
- reunións da comisión de coordinación pedagóxica
- instrumentos de avaliación con indicadores de logro para cubrir todo o profesorado (unha escala de estimación a cubrir por todo o profesorado a través dun formulario creado no curso da aula virtual ao que temos acceso todo o profesorado e onde avaliamos outros aspectos como, por exemplo, o funcionamento do centro).

As propostas de mellora implementaranse de cara ao vindeiro curso.

Indicadores da escala de estimación:

Traballaranse todos os obxectivos de etapa indicados en cada curso?

Fomentouse a adquisición dos descritores operativos das competencias clave propostas para cada curso?

Implementouse a estratexia metodolóxica común na concreción curricular en todas as materias e ámbitos?

O emprego das metodoloxías recollidas na concreción curricular, así como os materiais empregados favorecen a implementación da filosofía do DUA?

Os criterios para o desenvolvemento das actividades complementarias son axeitados para que todos os departamentos propoñan actividades dun xeito equilibrado?

Os elementos transversais desglosados para cada curso foron traballados dende todas as materias e ámbitos?

Os criterios para o desenvolvemento dos plans de reforzo para alumnado repetidor e alumnado con materia pendentos son eficaces?

Cumpríronse as pautas xerais para a avaliación continua e foron axeitadas?

Cumpríronse as pautas xerais para a avaliación inicial e foron axeitadas?

Cumpríronse as pautas xerais para a avaliación obxetiva e foron axeitadas?